

CORRESPONDENTES XUVENÍS (6 e 7)

◦ **IV Certame de Poesía e Microrrelato do Concello de Cabanas:**

A área de normalización lingüística do Concello de Cabanas convoca o IV Certame de Poesía e Microrrelato, un concurso literario que se enmarca na programación coa que Cabanas celebra o Día das Letras Galegas.

Poderán participar no certame todas as persoas que o desexen, de calquera idade e nacionalidade. As categorías serán:

- Infantil/ xuvenil de poesía ou microrrelato (ata os 17 anos)
- Adulta de poesía ou microrrelato (de 18 anos en diante)

As obras deberán estar escritas en lingua galega, ser orixinais, inéditas e non premiadas noutros certames ou concursos. O tema será libre.

A extensión das obras segundo a súa categoría debe ser:

Poesía

- Categoría infantil / xuvenil: 10 versos (mínimo) / 20 versos (máximo)
- Categoría adulta: 40 versos / 80 versos (máximo)

Microrrelato

- Categoría infantil / xuvenil: 10 liñas (mínimo) / 20 liñas (máximo)
- Categoría adulta: 15 liñas (mínimo) / 30 liñas (máximo)

Os textos enviaranse por correo-e a normalizacion@cabanas.gal.

Premios: haberá un premio para cada un dos gañadores de cada categoría dunha cesta de produtos de proximidade.

<https://cabanas.gal/cabanas-anuncia-o-iv-certame-de-poesia-e-microrrelato/>

◦ **Concurso de microvídeos "De fronte á violencia de xénero":**

A Deputación da Coruña convoca o I Concurso de microvídeos "De fronte á violencia de xénero"

Poderán participar todas as persoas con idades comprendidas **entre 12 e 18 anos**, que se presenten individualmente ou en grupo.

O **obxecto do certame** é elaborar un microvídeo a través do cal se xere reflexión, conciencia, sensibilización, identificación e prevención das violencias de xénero dixital, entendidas estas como todas as condutas de violencia de xénero que se exercen a través das novas tecnoloxías, redes sociais e/ou en Internet.

Preténdese que a través da elaboración do microvídeo a poboación adolescente cree debate, reflexión, mobilización e cambio social sobre o ciberacoso, sexting, sextorsión, stlaked, grooming, shaming, doxing ou calquera outra forma de acoso nas redes.

Así mesmo, o concurso anima á participación da comunidade educativa (profesorado, familias e contorna) como piar necesario para guiar e orientar o proceso de creación.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto **ata ás 14:00 horas do día 15 de xuño de 2023**.

BASES DO CONCURSO

- **Vaste a examinar da ABAU? Ponderacións e notas de corte**

A Comisión Interuniversitaria de Galicia, CIUG, publica os parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato, ABAU, para o acceso ás ensinanzas universitarias de Galicia para o curso 2023/24.

Ponderación e as últimas notas de corte: <https://ciug.gal/>

- **Campamento tecnolóxico da UDC**

O Campus Industrial de Ferrol acollerá, a última semana do mes de xuño un campamento tecnolóxico de verán dirixido á rapazada de entre 6 e 16 anos.

O campamento terá servizo de madrugadores con almorzo, e servizo de comida para aquelas familias que o desexen, e terá lugar na cafetería universitaria. Os horarios destes servizos son:

Servizo madrugadores: de 8:00 a 9:00 horas

Servizo comedor: de 14:00 a 15:00 horas

Datas de celebración: 26 de xuño ao 30 de xuño de 2023

Preinscrición: do 3 de maio a 1 de xuño de 2023.

Matrícula: do 5 de xuño ao 16 de xuño de 2023.

Horario: 9:00 a 14:00h.

Lugar de celebración: Aula de informática da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF).

Campus Industrial de Ferrol, R/Mendizábal s/n 15403 Ferrol

Número de alumn@s: mínimo 25, máximo 80.

Prezo dos talleres e servizo de madrugadores/comedor

Persoas externas da UDC: 119 euros

Integrantes da UDC: 99 euros

<https://www.fundacion.udc.es/curso.asp?id=1695&idioma=GA>